

Concello de Viveiro

EXPTE.- 3133/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 127, de 04 de xuño de 2022, que as listas de emprego temporal en diferentes especialidades do Conservatorio Profesional de Música do Concello deben ser actualizadas para acadar un eficaz funcionamento, debido ao escaso número de participantes, a ter realizados chamamentos a través do SEPE por non ter dispoñibilidade os participantes, nas diferentes listas, e polo que se convoca o inicio do proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego provisionais en atención as especialidades musicais no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Vistas as Bases Xerais e o seu anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de substitutos e interinos para impartir a docencia no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 17 de xuño de 2022 nomeando aos membros do Tribunal do proceso selectivo.

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de un mes.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos e excluídos **DA ESPECIALIDADE DE SAXOFON:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	FERNÁNDEZ ALVAREZ GERARDO	EXENTA
2	MONTERO MARTÍNEZ JUAN PABLO	NON EXENTA (Pode ser obxecto de subsanación).



Concello de Viveiro

B) EXCLUÍDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de exclusión	Proba de galego
1	RODRÍGUEZ GARCÍA JOSE MANUEL	Non cumprir co punto 5 das Bases Xerais que literalmente di: "(...)Copia do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola mesma e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores... <i>(...)De non presentarse a documentación na forma establecida no presente punto non será tida en conta. De non presentarse correctamente, os documentos referidos nos apartados a) e b) o/a aspirante quedará excluído/a, sen prexuízo da posible subsanación de documentos trala publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as..."</i>	NON EXENTA <i>(Pode ser obxecto de subsanación).</i>

O prazo de presentación de alegacións á lista provisional será de 10 días hábiles a contar dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios dixital e na web do Concello.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

SEGUNDO.- Vista a proposta do Tribunal en relación á subsanación da documentación presentada por varios aspirantes, no que se refire aos méritos a valorar, aportando copia simple, en virtude do disposto no punto 5 das Bases Xerais, e tendo en conta que se require a aportación de copia cotexada ou copia auténtica, resultando posible a súa subsanación, requírese aos seguintes aspirantes para que subsanen os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles.

Apelidos e nome	Subsanación
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ GERARDO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica).
MONTERO MARTÍNEZ JUAN PABLO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica).

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-



Concello de Viveiro

administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2
do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

